

Aclaracións relativas ó proceso de admisión.

- Prazo de presentación: do 1 ó 20 de marzo de 2026.
- Lugar de presentación das solicitudes: no centro no que pretende ser admitido como primeira opción ou na sede electrónica a través da aplicación “admisionalumnado”.
- Na solicitude, no caso de alumnado menor de idade non emancipado, **é necesario o consentimento de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras**, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero (un proxenitor presenta a solicitude, o outro asina o Anexo II-bis)
- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR PARA A SOLICITUDE DE PRAZA:
 - Modelo ED550B Anexo II (na carpeta en papel para cubrir a man, pero pódese cubrir dixitalmente a través da aplicación “admisionalumnado”, e presentala a través da sede electrónica da Xunta, ou descargala e presentala no centro)
 - Modelo ED550B Anexo II-bis (tamén na carpeta), onde se inclúe o consentimento para a comprobación de datos do resto das persoas integrantes da unidade familiar (no caso dos menores de idade, asinado por algún dos proxenitores), e da persoa proxenitora que non presenta a solicitude, así como o consentimento desta outra persoa proxenitora á solicitude de praza.
 - Fotocopia do libro de familia (ou certificado de nacemento) que acredite a relación de parentesco.
 - Sentencia de separación (se é o caso)
 - No caso de optar a unha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo achegárase, a documentación que o acredite e poñeranse en contacto co departamento de orientación do centro.
- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR NO CASO DE DENEGAR AS CONSULTAS ELECTRÓNICAS:
 - No caso de denegar a consulta electrónica automatizada de datos, deberán presentar fotocopia de DNI, título de familia numerosa e certificado de discapacidade (se procede).
- OUTRA DOCUMENTACIÓN (en caso de haber máis solicitudes que prazas): o centro solicitará (despois do día 20 de marzo) a documentación que acredite os criterios alegados na solicitude.
- A solicitude de posto escolar é única e vinculante. De presentarse máis de unha, perderase o dereito de adxudicación de praza en primeira instancia, pasando á adxudicación subsidiaria (non obstante, en caso de erro, na solicitude hai posibilidade de rexeitar outra solicitude presentada con anterioridade)
- Para renunciar á RESERVA DE PRAZA nun centro adscrito (alumnado que pasa de 6º EP a 1º ESO) a familia deberá presentar un escrito de renuncia no instituto adscrito ANTES DO 28 DE FEBREIRO, e marcar a cela dedicada a tal fin no impreso de solicitude de praza.
- O alumnado que resulte admitido no novo centro perderá o dereito de permanencia no centro de orixe.
- No caso de presentación telemática da solicitude (opción preferible) enviar por correo electrónico ou facer chegar ao Colexio os documentos da solicitude propios do centro.